



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS
Promotor	NATURGY RENOVABLES, S.L.U,
Localización	CONCELLOS DE A ESTRADA, CERDEDO-COTOBADE E CAMPO LAMEIRO
Expediente	IN408A 2017/05

SOLICITANTE: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 10/02/2022 e número de rexistro de entrada 2022/269217, traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 12/01/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse que se proporcionou a información adicional requirida para avaliar o risco da saúde, e



que se deseñaron as medidas adecuadas para o control e monitoreo dos impactos sobre a saúde humana, sendo inda insuficiente no referente o seguinte aspecto:

Tendo en conta que con respecto ao parpadeo de sombra, tres dos catro receptores analizados no núcleo rural de Cuíña superan amplamente (no caso estatístico) o limiar das 30 horas ano, sinalamos que se deberá identificar o efecto de sombra en todas e cada unha das vivendas do antedito núcleo de Cuíña, xa que non se identifican no proxecto. Naquelas vivendas que superen os limiares deberanse incorporar medidas protectoras neste fase do proxecto, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

